

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DA DÉCIMO TERCEIRA EDICIÓN DO PREMIO MANUEL BEIRAS

Ás 19 horas do día 10 de decembro de 2012 reúnese na Casa do Concello de Santiago de Compostela o xurado da decimo terceira edición do Premio Manuel Beiras.

Asisten:

Dona Rebeca Domínguez Iglesias, Concelleira de Normalización Lingüística, que preside a xuntanza.

Dona María Montoto Montoto, en nome da Cámara de Comercio, Industria e Navegación.

Don Xoán Ribas Cid, en representación pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Don Juan Blanco Valdés, en nome da Universidade de Santiago de Compostela.

Don Manuel González González, en representación da asociación Puntogal.

Don Xosé Rodríguez Durán, designado polo Colexio de Xornalistas.

Don Emilio del Río de la Torre, en nome da Clínica Dermal, premiada na edición 2011.

Dona Matilde Rodríguez Domínguez, en nome do Gato Cósmico, establecemento premiado tamén na décimo segunda edición.

Escusa a súa ausencia:

Don Miguel López Crespo, en representación da Unión de Consumidores de Galicia.

Logo de analizar as candidaturas presentadas e de ponderados os seus méritos, o xurado acorda outorgar o Premio Manuel Beiras ás seguintes empresas:

Na **categoría de uso continuado da lingua galega, a Autoescola Mata**, á que destaca pola xa longa traxectoria como empresa referente no emprego do galego para a formación de novos condutores, malia a dificultade que supón a exclusión desta lingua nos exames oficiais. Así mesmo, o xurado valora de especial interese a súa perseveranza lingüística tendo en conta o segmento de público ao que principalmente se dirixe, o da mocidade, no cal o uso do galego precisa de importantes reforzos.

Na categoría **de novas incorporacións ao uso da lingua galega, á empresa Galensigna**. Sinala o xurado que a clara aposta por empregar o galego en toda a documentación e comunicación desta nova empresa, ademais de amosar unha vontade firme por parte dos seus promotores, amplía o uso do galego nun ámbito ás veces oculto ou esquecido e apunta novas metas para normalizar a comunicación coas persoas xordas a través dunha lingua de signos propia.

E, finalmente, o xurado outorga unha **distinción especial á Asociación de Hostalería de Compostela**. Con este galardón quere recoñecer os importantes avances que nos últimos anos se produciron na comunicación social desta entidade e á vez impulsar novos obxectivos para a normalización das prácticas lingüísticas no sector hostaleiro. As campañas que Hostalería de

Compostela foi quen de poñer en marcha son mensaxes que difunden e apoian o emprego do galego nos establecementos composteláns, parte substancial da vida económica e social da cidade e, polo tanto, piares sen os que a normalización do galego non sería posible. Os membros do xurado animan, pois, a Hostalería de Compostela a continuar estendendo o galego na comunicación asociativa e tamén a converterse nun axente decisivo para lograr unha presenza social plena do galego no sector.

Remata a sesión ás 21 horas, do que, como secretaria dou fe.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Rebeca Domínguez Iglesias

Socorro García Conde